ASOCIACIÓN ABEIRO pola protección animal

Protocolo actuación

Como introducir un novo gato en casa

Expoñemos a continuación o protocolo de adaptación entre gatos, se se cumpre o mesmo é difícil que o éxito non esté asegurado. Este protocolo hai que respectalo tanto se o gato que temos conviviu con outro/s gato/s coma se non o fixo nunca, xa que aínda que é certo que lle custará menos aceptarlle se ten experiencia previa, o novo gato non deixa de ser un «descoñecido»:

1º. Prepárase unha habitación onde vai estar encerrado o gato novo antes da súa chegada, de forma que polo menos un día antes da chegada o gato da casa afíxose a que esa habitación está pechada e el non pode entrar. Ponse dentro da habitación, polo menos unhas horas antes da chegada do novo gato, un difusor de feliway. Á súa vez colocarase outro feliway no resto da casa tamén , polo menos cunhas horas de antelación.

O gato novo chega en transportín, non se encerra ao gato da casa, pero pásase rápido co transportín no alto de forma que o gato ve que entra á habitación algo pero non sabe ben que e, sobre todo importante, que non se vexan, que non haxa contacto visual entre eles. A habitación ten preparadas todas as cousas: auga, comida, rascador, cama e areeiro . Estase un intre co novo na habitación nada máis abrirlle o transportín, pero logo sáese e déixaselle só unhas horas, mentres fas unha vida absolutamente normal sen mostrar nerviosismo (se acompañou alguén a chegada do novo gato vaise inmediatamente, non conveñen visitas nin extranos, nin cambios).

O gato novo permanece na habitación encerrado, durante este tempo o coidador debe pasar momentos con el dentro, xogando, acougándolle, dándolle agarimo e confianza.

O gato da casa permanece no resto da casa. Téntase que todo sexa moi normal, que o gato da casa non vexa modificadas os seus costumes nin note estraño ao seu humano. En canto se de conta de que hai outro gato dentro (que será moi pronto), achegarase a cheirara porta. Déixaselle facer pero moi pendente de que non bufe, se se ve que vai bufar retírase da zona, sen rifarlle pero tampouco sen recompensar ese comportamento.

2º. Ao día seguinte da chegada do novo gato empézase co intercambio de cheiros. Esta fase durará 3 días: Intercámbiase as camas, as mantas, e o «truco do trapo». O intercambio é diario, ou sexa, pola mañá poñer ao gato novo a cama ou manta do gato da casa e ao revés, e pola tarde volve devolver a cama a cada un dos donos orixinais.

O «truco do trapo» é sinxelo, cun trapo, toalla ou pano limpo fregamos ao animal residente sobre toda a parte da cara, orellas e pescozo, con outro trapo fregamos ao novo inquilino. Despois deixamos o pano de cada gato no emprazamento do outro gato permitíndolle que o cheiren tranquilos e poñéndolles algún rico premio de comida encima.

Posteriormente, fregamos a cada animal co trapo do outro animal, con iso conseguimos intercambiar cheiros e permitimos que o cheiro do outro animal se vexa «como propio».

Ao 4º día sumaremos, ao intercambio de cheiros descrito, o intercambio dos areeiros con todo «o seu contido». Por outra banda, é importante que o humán fale, xogue e faga mimos a ambos. Tamén hai que darlles premios de comida moi perto da porta que os separa.

ASOCIACIÓN ABEIR pola protección animal

3º. Iníciase unha fase duns 3-4 días de duración na que se permite ao novo gato que coñeza a vivenda, sen a presenza do gato residente, co «intercambio de habitacións». Esta fase é fundamental facela moi ben:

a) Péchase ao gato da casa nunha habitación.

b) Inmediatamente ábrese ao gato novo e permíteselle saír libremente, e con tranquilidade diríxeselle mediante xogo ou con comida a outra habitación nova e péchase nela.

c) Vólvese a por o gato da casa e ábreselle a habitación onde está pechado sen collelo no colo nin bruscamente e ábrese a porta onde permaneceu o gato novo os días anteriores, de maneira que entrará con moita curiosidade pero polo seu propio pé, non forzado. Cando entre estase con el alí un anaco falándolle con mimo, e dándolle premios (algo que lle encante). Sáese con disimulo pechando a porta.

d) Vaise onde está o gato novo e ábreselle a porta. Déixaselle estar un intre pola casa, cheirando e coñecendo, con moito mimo e dándolle premios

e) Devólvese a cada un ao seu sitio (gato novo á súa habitación orixinal e o gato da casa ao resto da vivenda), pero co mesmo coidado de pechar a un e a outro para que non se vexan.

Isto faise varias veces ao día. Ao principio por pouco tempo para ir alongando aos poucos (todo o que aguante o gato da casa pechado mentres o gato novo anda solto, sen enfadarse nin miañar en exceso).

4º. Fase de Presentacións. O ideal é que haxa dúas persoas coñecidas polos dous gatos, pois deben terlles moita confianza. Se no fogar só hai unha persoa faráse desde fóra da habitación (co gato residente).

Entra unha das persoas na habitación co gato novo, está un momento con el, e cando o note tranquilo avisa á persoa que está fóra para que abra un pouco a porta mentres está co gato novo, o ideal é que estén fronte á porta, vese o interior pero non se entra. Xógase con eles cun cordón e dáselles premios e palabras doces se están tranquilos.

Se é unha soa persoa abriráe a porta estando fóra da habitación co gato residente. Ábrese un pouco, nunca totalmente .Xógase cun cordón co que está fóra para que o de dentro o vexa.

Esta visualización será en todo caso moi breve, todo rápido pero moi tranquilo e suave, que non dé tempo a que ningún se poña nervioso.

Se os gatos son ambos comilóns e levan unha pauta horaria de comidas, tamén funciona moi ben que as primeiras presentacións coincidan coas horas de comida, de forma que se abre a porta e ofrécese ao instante a ración de comida a cada un deles en extremos opostos. Os gatos estará pendentes o un do outro, pero moi ocupados tamén nos seus comedeiros e ademais con isto conseguimos que relacionen a presenza do outro coa hora da comida.

Isto repítese varias veces, todas as que se poida ao día, cada vez por unha marxe de tempo maior. Se se percibe que algún se pon moi nervioso, que empeza a arquear o lombo por exemplo, córtase, pois despois do arqueo pode vir o bufido e que o outro se decate da actitude negativa.

Só cando estes breves encontros vaian ben, pásase á fase 5.

5º. Durante toda esta fase mantense á vez as anteriores: intercambio de cheiros e de habitacións. Ábrese ao gato novo e déixalle que saia ou que o outro entre. A persoa mantense sempre perto, pero con naturalidade, xogando cun cordón. Se nota tensión ou que vai haber bufidos córtase.

Aos poucos e con paciencia verá que cada vez é mellor ata que poida soltalos pola casa con tranquilidade, pero nunca cando el non esté na casa.

O deixalos xuntos e sós é o final, cando xa non hai dúbida de que levan ben.